

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 DE XULLO DO 2021.****Sesión 09/2021-P**

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Isabel Reimúndez Suárez (BNG) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 29 de xullo do 2021, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno Ordinario do Concello de Sada, que volve ter lugar no Salón dos Plenos.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 08/2021).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 08/2021, do 24.06.2021.

Non habendo intervencións, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión núm. 08/2021, do 24.06.2021, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.



2º.- CALENDARIO LABORAL 2022.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 07/2021, do 23 de xullo, que recolle:

<<Calendario laboral 2022

A inclusión no Calendario Provincial de Festas Laborais para o ano 2022 as datas seguintes: o 1 de marzo (martes de Entroido) e o luns 16 de agosto (festividade de san Roque)>>.

O presidente ofrece o uso da palabra aos distintos grupos, pero non hai debate.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Único.- A inclusión no Calendario Provincial de Festas Laborais para o ano 2022 das datas seguintes: o 1 de marzo (martes de Entroido) e o luns 16 de agosto (festividade de San Roque).

3º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF).

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 07/2021, do 23 de xullo, que recolle:

<<Aprobación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar (SAF).

1º.- Aprobación do expediente de contratación por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, do Servizo de Axuda no Fogar, cun orzamento base de licitación total de 1.886.607,99 € (base: 1.814.046,14 €, IVE 72.561,85 euros) e un valor estimado de 4.382.772,28 €, por considerar claramente determinadas naquel a natureza e extensión das necesidades correspondentes e a idoneidade do contrato para satisfacelas, así como xustificadas no mesmo tanto a elección do procedemento de adxudicación como os demais extremos que establece o artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público.

2º.- Aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán a dita contratación.

3º.- Autorizar o gasto con cargo ás partidas 2310.22743 e 2310.22743 do vixente Presuposto municipal, asumindo o compromiso e obriga de consignar nos sucesivos exercicios orzamentarios ata a conclusión do contrato, os créditos nas contías suficientes para facer fronte ás obrigas contractuais.

4º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello, para a presentación de propostas durante o prazo establecido no prego.

5º.- A Mesa de Contratación estará constituída polos seguintes membros:

Presidenta: Isabel Reimúndez Suárez, Concelleira de Benestar Social e Igualdade

Vogais:

Mª del Carmen Seoane Bouzas, Secretaria Xeral da Corporación (ou quen se nomee como accidental)

Jaime Presas Beneyto, Interventor (ou quen se nomee como accidental)

Ana Cobas García, Traballadora Social

Secretario/a: Un funcionario/a adscrito/a á Secretaría: Pablo Vázquez Pita ou María Belén Novo Reimúndez.

6º.- De cara á axilidade do expediente, delegar no Alcalde:

a) A posibilidade de corrixir erros, sempre que estean xustificadas tecnicamente ou se trate de erros de transcrición, que se poidan por de manifesto no expediente unha vez publicado, debendo dar conta ao pleno das modificacións na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

b) O nomeamento das persoas que integrarán a comisión técnica que valore os criterios baseados en xuízos de valor>>.

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Reimúndez Suárez, concelleira delegada de benestar social e igualdade (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP), quen anuncia que o seu grupo vaise abster; do interventor municipal; novamente das sras. Reimúndez, Pardo, Salorio e outra vez Reimúndez, pechando o debate o presidente.



A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, do Servizo de Axuda no Fogar, cun orzamento base de licitación total de 1.886.607,99 € (base: 1.814.046,14 €, IVE 72.561,85 euros) e un valor estimado de 4.382.772,28 €, por considerar claramente determinadas naquel a natureza e extensión das necesidades correspondentes e a idoneidade do contrato para satisfacelas, así como xustificadas no mesmo tanto a elección do procedemento de adxudicación como os demais extremos que establece o artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público.

2.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán a dita contratación.

3.- Autorizar o gasto con cargo ás partidas 2310.22743 e 2310.22743 do vixente Presuposto municipal, asumindo o compromiso e obriga de consignar nos sucesivos exercicios orzamentarios ata a conclusión do contrato, os créditos nas contías suficientes para facer fronte ás obrigas contractuais.

4.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello, para a presentación de propostas durante o prazo establecido no prego.

5.- A Mesa de Contratación estará constituída polos seguintes membros:

Presidenta: Isabel Reimúndez Suárez, Concelleira de Benestar Social e Igualdade

Vogais:

M^a del Carmen Seoane Bouzas, Secretaria Xeral da Corporación (ou quen se nomee como accidental)

Jaime Presas Beneyto, Interventor (ou quen se nomee como accidental)

Ana Cobas García, Traballadora Social

Secretario/a: Un funcionario/a adscrito/a á Secretaría: Pablo Vázquez Pita ou María Belén Novo Reimúndez.

6.- De cara á axilidade do expediente, delegar no Alcalde:

a) A posibilidade de corrixir erros, sempre que estean xustificadas tecnicamente ou se trate de erros de transcripción, que se poidan por de manifesto no expediente unha vez publicado, debendo dar conta ao pleno das modificacións na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

b) O nomeamento das persoas que integrarán a comisión técnica que valore os criterios baseados en xuízos de valor.

4º.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE SADA, FLORA RAMOS, FLORITA.

O Presidente explica que a urxencia para incluír este punto que non figuraba na orde do día está motivada en que nin no momento da convocatoria nin do da propia sesión da comisión informativa xeral se contaba coa achega total da documentación por parte da adxudicataria; porén, cren que debe tratarse nesta sesión porque a escola infantil deberá estar a funcionar coa nova adxudicataria antes do primeiro de setembro.

A continuación procédese a votación da urxencia, resultando aprobada por unanimidade.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 08/2021, do 28 de xullo, que recolle:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000009

<<Adxudicación da contratación por procedemento aberto do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal de Sada, Flora Ramos, Florita.

1º.- Declarar válida a licitación do contrato do Servizo de Xestión da Escola Infantil Municipal de Sada, Flora Ramos, Florita, segundo o expediente tramitado por procedemento aberto.

2º Adxudicar o contrato á empresa AURORA PILAR Y ANA SL, co CIF n.º B159222305, por ser a que obtivo a maior puntuación, no prezo de total de un millón seiscientos oitenta mil euros 1.680.000,00 € (exento de IVE).

3º.- Dispoñer o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 3231.22721 e 3231.22713 do vixente Presuposto municipal.

4º.- Designar como responsable do contrato á Psicóloga do Concello de Sada, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares.

5º.- Notificar este acordo ao adxudicatario e requirilo para que concorra a formalizar o contrato en documento administrativo na data e hora que estableza a Alcaldía, dentro do prazo que establece o artigo 153 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.-

6º.- Notificar aos restantes licitadores e publicar esta adxudicación mediante anuncio no Perfil de contratante, conforme ao disposto no artigo 151 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, e publicar no mesmo medio a formalización do contrato, conforme ao disposto no artigo 63.3>>.

A continuación débátese o asunto, coas intervencións da sra. Reimúndez Suárez, concelleira delegada de benestar social e igualdade (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. García Freire (PP), quen anuncia que o seu grupo vaise abster; novamente das sras. Reimúndez e García, pechando o debate o presidente.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).

- Votos en contra: Non se produciron.

- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1.- Declarar válida a licitación do contrato do Servizo de Xestión da Escola Infantil Municipal de Sada, Flora Ramos, Florita, segundo o expediente tramitado por procedemento aberto.

2.- Adxudicar o contrato á empresa AURORA PILAR Y ANA SL, co CIF n.º B159222305, por ser a que obtivo a maior puntuación, no prezo de total de un millón seiscientos oitenta mil euros 1.680.000,00 € (exento de IVE).

3.- Dispoñer o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 3231.22721 e 3231.22713 do vixente Presuposto municipal.

4.- Designar como responsable do contrato á Psicóloga do Concello de Sada, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares.

5.- Notificar este acordo ao adxudicatario e requirilo para que concorra a formalizar o contrato en documento administrativo na data e hora que estableza a Alcaldía, dentro do prazo que establece o artigo 153 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

6.- Notificar aos restantes licitadores e publicar esta adxudicación mediante anuncio no Perfil de contratante, conforme ao disposto no artigo 151 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, e publicar no mesmo medio a formalización do contrato, conforme ao disposto no artigo 63.3.

5º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 21 de xuño (núm. 1384) ata o 23 de xullo do 2021 (núm. 1643).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 21 de xuño (núm. 1384, do expediente 2021/G003/001452) ata o 23 de xullo do 2021 (núm. 1643, do expediente 2021/G003/001720), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.



B.- Mocións.

Non se produciron.

O presidente explica que había unha moción presentada polo grupo municipal do partido popular pero que finalmente vai ser tratada como un rogo para se debater.

C.- Rogos e preguntas.

Logo de propoñelo o presidente, trátase en primeiro lugar o rogo que fora presentado como moción polo grupo do PP. O sr. García Cotelo (PP) expón como rogo a que fora presentada como moción polo seu grupo o 28.07.2021 (NRE 202199900003919) *para a elaboración do plan director e os correspondentes do mantemento dos edificios municipais*, que consta no expediente, rogando finalmente:

<<Primero.- Elaboración de un Documento diagnóstico que sienta las bases para un Plan Director del mantenimiento de los Edificios municipales. Segundo.- Elaboración del Plan Director del mantenimiento de los Edificios municipales, y de los Planes respectivos de cada edificio municipal. Tercero.- Implementar la necesidad de disponer de un Plan de Mantenimiento y Conservación de cada nuevo edificio municipal que se rehabilite>>.

O presidente propón que a continuación se traten as dúas preguntas presentadas por escrito polo grupo municipal socialista o 16.07.2021 (NRE 202199900003707), que constan no expediente.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) fai os seguintes rogos:

1º) Roga que se analicen os expedientes que cita como U019000033 e o U019000010, relativos a dous locais de hostalaría, xunto coas follas de visita da policía local, por un presunto incumprimento da normativa.

2º) Roga que se lles indique claramente para o vindeiro Pleno a situación na que se atopan os traballos de rehabilitación do centro de formación ocupacional de Osedo que comezaron en abril do 2019.

A continuación a sra. Pardo Fafián (PSOE) formula as seguintes preguntas, interesándose en primeiro lugar por dúas que di que quedaran pendentes da sesión anterior.

1ª) Pregunta de novo, con relación aos expedientes U020000002 e U019000013, en relación aos efectos da declaración da ineficacia para o desenvolvemento da actividade e para instar unha nova solicitude nun período entre tres meses e un ano.

2ª) Pregunta de novo se se fixo algo con respecto do acordo plenario do 25 de abril do 2019 relativo a unha moción do seu grupo que foi emendada: “5.1º.- Moción do grupo PSOE sobre cesión de terreos á Asociación de Veciños de Mosteirón”.

3ª) Pregunta, presentada por escrito:

<<Dende o pasado 10 de marzo de 2016 o auxiliar da Policía Local desobedeceu nalgún momento o indicado no antedito oficio da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (rexistrado o día 10.03.2016 co número de saída 606/RX345127) no tocante á uniformidade obrigatoria de auxiliar de Policía Local e no tocante ás funcións de auxiliar de Policía Local; nomeadamente realizando funcións reservadas exclusivamente aos Axentes de Policía como son as funcións de Seguridade Cidadá ou asinando Atestados Xudiciais en calidade de Axente, propoñendo para sancións....?>>.

4ª) Pregunta, presentada por escrito:

<<Autorizaron vostedes por activa ou por pasiva a realización, por parte deste auxiliar, de funcións de reforzo en rolda de noite a pesar de que vostedes saben que na RPT se estipula que maioritariamente, por non decir en exclusiva, as funcións a realizar pola patrulla en quenda de noite son de Seguridade Cidadá?>>.

5ª) Pregunta con relación ao dito polo presidente na sesión ordinaria do mes de maio, na que di que xustificou que non se recollera unha denuncia dunha veciña porque xa se estaban a realizar pescudas, se se iniciou expediente administrativo algún para verificar e de ser o caso depurar posibles responsabilidades.

6ª) Pregunta se se lle aboaron as horas extraordinarias aos membros da policía local en cumprimento da sentenza 00116/2021, do 02 de xuño.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000009

7ª) Pregunta ás sras. Reimúndez Suárez e Nogareda Marzoa se han seguir apoiando o que cualifica de políticas de *amiguismo* e discrecionalidade con relación ás licitacións públicas, e se saben a diferenza entre extinta e caducada, anunciando tamén que o seu grupo ha acudir a outras instancias.

8ª) Pregunta ás sras. Reimúndez Suárez e Nogareda Marzoa sobre a súa postura con respecto da actitude que di que se está a manter dende o concello con relación á situación irregular do local de hostalaría O Chiringüito, da que fai unha descrición.

O sr. Tellado Villares (PP), logo de introducir o tema, pregunta ao presidente se xa sabe que cantidade lle corresponde devolver a Sada por tributos.

A sra. Salorio Porral (PP) pregunta sobre a limpeza viaria, sobre o control que se está a facer con relación ao lavado de alta presión dunha grande cantidade de metros cadrados que introducira como mellora da oferta a concesionaria para a contratación, porque segundo di as beirarrúas seguen negras e a ter *verdín*.

A sra. Salorio Porral (PP) fai un rogo relativo ás substitucións do persoal do concello, para que non se deixen de prestar convenientemente os servizos por causa das baixas laborais ou dos períodos de vacacións, poñendo algúns exemplos e apelando á xestión, á previsión e á organización.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 03 minutos do día xoves 29 de xullo do 2021, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.
